






NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Servizos Sociais - GPV	
Número expediente:	Documento:
 SSO/733/2023	 SSO17I3CY
6L165Z6J593B200B08X2	
	

Asunto: informe sobre a insuficiencia de medios para a xestión das Escolas Infantís Municipais do Concello de Narón

Yolanda Martínez García, xefa do Servizo Sociocomunitario, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Esta necesidade de contratación externa, debida á insuficiencia de medios, sigue os principios de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira á que fai referencia nos artigos 3º e 4º, respectivamente, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

O Concello de Narón non conta con persoal especializado suficiente para xestionar as escolas infantís municipais e garantir así o dereito á educación dos/as nenos/as en idade temperá do noso municipio, e promover o dereito á conciliación familiar e á igualdade entre mulleres e homes, polo que ineludiblemente debe contratar con empresas especializadas que contén coas garantías suficientes para acometer conforme os principios de eficacia, eficiencia e economía esta necesidade que temos.

Por todo o indicado, se informa sobre a insuficiencia de medios para a xestión das escolas infantís municipais, aos efectos de iniciar o procedemento de licitación.